

Bloque

A Estrada

Número 24. Epoca 1ª / Xaneiro 2011

“A Lei ampara a decisión municipal e o PP só pretendía facer pasar polo aro o concello da Estrada”

Impreso postal sen enderezo

A Estrada precisa un Plan Xeral de Ordenación Urbanística, o BNG comprométese a que sexa unha realidade

A proposición non de lei presentada polo BNG e defendida no Parlamento Galego hai unhas semanas sobre o PXOM é importante por dúas cuestións. Primeira porque obriga á Xunta a axilizar os trámites administrativos para aprobar un plan xeral que se resiste desde hai 30 anos, situación que ten paralizado economicamente ao Concello da Estrada. Consideramos tamén que é importante porque ataca a liña de flotación da estratexia que o PP da Estrada tiña trazado para facer campaña de cara as eleccións municipais de 2011. O PP da Estrada, a instancias do deputado José López, presentou unha emenda de substitución á proposición non de lei do BNG, que ía no sentido que veñen defendendo os Populares es-



Raquel López, Teresa Táboas e Xosé Magariños

tradenses, é dicir, que propoñían que “o Parlamento de Galicia instara ao Goberno galego a seguir axilizando a tramitación do Plan Xeral do Concello da Estrada e que, tralos trámites previos de adaptación á Lei 2/2010, a Avaliación Ambiental Estratéxica e a aprobación provisional polo Pleno do Concello da Estrada, aínda pendentes, colabore de xeito comprometido para a súa aprobación definitiva”. Que esta emenda non fora nin votada, tendo o PP a maioría suficiente para aprobala, demostra que o BNG tiña razón, que a Lei ampara a decisión do goberno municipal, e que o PP só pretendía facer pasar polo aro ao Concello da Estrada, en

aras dunha estratexia electoral que queda definitivamente desmontada. Con todo, o PP teima na súa estratexia destrutiva coa Estrada, tratando novamente de demorar a aprobación do PXOM, malia que Xunta estea aprobando definitivamente PXOM's doutros concellos (Valga, Muros, ou Dodro, por exemplo) en idéntica situación có da Estrada e sen adaptar a nova Lei do Solo, da que por certo veñen de anunciar a data de caducidade. Se o PP persiste nesta teima, queda claro por fin que o PP é o principal obstáculo para o desenvolvemento socioeconómico do concello e non merece a confianza do pobo da Estrada.



www.bng-galiza.org
Edita: BNG A Estrada

A Estrada volve quedar marxinada nos orzamentos da Xunta e do Estado

O concello precisa unha variante que desconxestione o tráfico

Un ano máis os orzamentos do Estado volven deixar de lado un dos grandes problemas que ten A Estrada: a falta dunha variante que desconxestione o tráfico da vila. Así, un ano máis, e xa van varios consecutivos, o Executivo central, dirixido polo PSOE, non aposta por unha infraestrutura imprescindible para A Estrada como é a Variante, reflectindo unha cantidade no orzamento

de 2011 que non garante a construción desta obra. Por todo isto, Olaia Fernández Davila, deputada do BNG no Congreso, rexistrou unha batería de preguntas sobre o estado da Variante da Estrada, para saber cando se vai licitar esta obra, que ano tras ano leva súa consignación orzamentaria -algunha importante- pero até o día de hoxe segue sen ser unha realidade.



A deputada Olaia Fernández Davila e o candidato Xosé Magariños

Nova taxa pola colocación de antenas de telefonía móbil

A Concellaría de Facenda, que dirixe a nacionalista Maribel Ruíz Ferro, cobrará a partires deste ano unha taxa as empresas de telefonía pola colocación de antenas de telefonía móbil. Esta ordenanza, que equipara o noso concello con outros que tamén cobra polo dereito de uso de espazos públicos, ingresará nas arcas municipais 82.500 euros anuais aproximadamente.



A Torre de Guimarei non lle interesa nin ao PP nin ao PSOE

Un ano máis a Torre de Guimarei continuará na silveira onde se atopa. Un ano máis tanto o PP como o PSOE prefiren ver deteriorarse aínda máis o único símbolo do románico civil que queda en Galiza, rexeitando as emendas que presentou o BNG aos orzamentos da Xunta e do Estado, respectivamente.

Mais o BNG vai continuar a súa acción política até acadar a rehabilitación e posta en valor da Torre, porque ésa é a aspiración dos veciños e veciñas da Estrada. O que demandan para poder traballar, para ter servizos, para ter un lecer digno no seu concello.

O BNG imparte coñecemento do noso patrimonio natural

A Concellaría de Medio Rural e Turismo, baixo a responsabilidade da portavoz municipal do BNG, Raquel López, está na procura de converter á Estrada nun referente do aproveitamento e coñecemento dos cogumelos, da micoloxía. Nesta liña, vén de colaborar coa asociación A Estrada Micolóxica na organización das II xornadas micolóxicas; charlas, mostras e conferencias, así como saídas ao monte para recoller cogumelos que completaron estas xornadas. Así mesmo a Concellaría nacionalista tamén apoiou ás VIII Xornadas Micolóxicas de Orazo. Con estas actuacións téntase dar a coñecer o rico patrimonio natural do noso concello e promover o aproveitamento dos recursos do monte cun interesante potencial económico.



Rutas Populares en bicicleta

O BNG coa bici e as rutas de Bikestrada

A Concellaría de Deportes e Participación Cidadá, de responsabilidade do BNG, organizou, en colaboración coa peña ciclista Bikestrada, as Rutas Populares, que se celebraron durante as catro fins de semana do mes de novembro, que permitiu a centos de estradenses facer deporte, descubrir o noso concello en bicicleta e estar en contacto coa natureza.



O BNG quiere unha RPT, pero non a costa de subir os impostos un 30%

O BNG da Estrada é consciente da necesidade de que o concello conte cunha RPT (Relación de Postos de Traballo), que permita reestruturar e organizar os distintos postos de traballo da actual plantilla do Concello, así como definir as características que determinan o nivel salarial e corrixir desaxustes existentes.

Támén somos conscientes do duro impacto que supuxo a rebaixa do soldo e a conxelación salarial impostos recentemente polo Goberno Central gobernado polo PSOE, unha medida que rexeitamos en reiteradas ocasións, porque consideramos unha medida inxusta con quen non provocou a crise económica.

A RPT que presentou o PSOE para a súa aprobación no Pleno do mes de novembro, é inviábel economicamente e organizativamente, e hipotecaría o concello a curto, medio e a longo prazo, xa que nos próximos 6 anos anos, o concello tería que facer fronte a 850.000 euros

que suporía o incremento salarial para a actual plantilla, á marxe das 62 prazas que se crearía a maiores.

Este importante incremento da masa salarial, que se elevaría ata o 72% dos ingresos municipais en pagar as nóminas dos funcionarios ao completarse a aplicación da RPT, sufragaríase a través dos impostos municipais, o que suporía que a Estrada tería que subir estes ao menos un 30%, para cubrir só o incremento salarial contemplado na RPT para actual plantilla de funcionarios e persoal laboral.

A actual situación económica das veciñas e veciños da Estrada non está como para soportar unha carga impositiva como a prevista nesta RPT. Pero ademais da subida de impostos, esta RPT tería fatais consecuencias para as arcas municipais, xa que deixaría un exíguo 28% dos orzamentos municipais para investimentos, e sen capacidade para executar a PXOM.

O BNG votou en contra desta RPT porque tería nefastas consecuencias para as arcas municipais e para as veciñas e veciños, que terían que sufragar dos seus petos, nun intre de crise como o que estamos a vivir, este incremento salarial do persoal do concello.

Como xa dixemos, para o BNG esta RPT nin é asumíbel ni beneficiosa para o concello, ao contrario, hipotecaría de por vida; polo tanto cómpre buscar unha alternativa viábel para todas as partes: para A Estrada no seu conxunto e para os traballadores e traballadoras do concello.

“O BNG votou en contra desta RPT porque tería nefastas consecuencias para as arcas municipais e para as veciñas e veciños”

A nova Lei de Augas do Goberno do PP disparará a factura da auga na vila e no rural haberá que pagar por primeira vez este imposto

O Partido Popular aprobou en solitario no Parlamento de Galiza a Lei de Augas, que ten como único obxectivo aumentar a capacidade recadadora da Xunta, facéndonos pagar a todos os veciños e veciñas da Estrada un imposto sobre a auga.

Aínda que cinicamente digan o contrario, esta suba de impostos que o PP introduce coa nova Lei de Augas vai multiplicar por tres o actual canon para todos os usuarios que teñan abastecemento e saneamento público, pasando dos 100 euros ao ano para vivendas de 4 persoas, se, tal e como ten previsto o Goberno Galego, a EDAR da Estrada pasa a ser xestionada pola Xunta a partir de 2012.

Ademais, todos os titulares das captacións propias e pozos particulares, terán que pagar o canon da auga e instalar contadores homologados. De non facelo no prazo de 6 meses, o canon liquidaráselle polo método de estimación obxectiva. A instalación dun contador homologado será obrigatorio no caso de que Augas de Galiza así o estime oportuno e, en caso de non facelo, o usuario poderá ser sancionado con

multas de até 30.000 euros.

Todos os usuarios e usuarias de auga van ter que pagar estes novos impostos xa que se suprimen as exencións que actualmente están viventes, que beneficiaban ao rural. Así, no novo canon de auga non se exclúe de pagar o imposto a ningún núcleo rural. O BNG presentou unha emenda que foi rexeitada polo PP e que eximía de pagar o canon a todos os núcleos de poboación inferiores a 2.500 habitantes, e que implicaría que todo o rural quedaría exento de pagar o Canon da Auga.

Alberto Núñez Feijoo, que até o de agora non fixo máis que eliminar os servizos públicos creados polo anterior Goberno galego participado polo BNG, agora impón unha mala lei para todos e todas, sen consensuala con ninguén e sen informar á cidadanía do que lle agarda. Unha lei que o único que busca é aumentar os impostos que cobra a Xunta facéndoos recaer sobre a maioría social. A

Lei de Augas do PP non supón ningún beneficio para os usuarios e tampouco introduce modificacións desde o punto de vista ambiental nin da protección dos recursos hídricos.

O BNG solicitou a retirada desta Lei no Parlamento Galego e nos diferentes concellos presentando mocións que, como na Estrada, que foi aprobada por maioría. Foron moitos os concellos que rexeitaron esta Lei de Augas, mesmo algúns gobernados polo PP, pero iso non freou a Núñez Feijoo; por este motivo o BNG da Estrada está a recoller sinaturas por todo o rural para conseguir a revogación desta lei.



Guillermo Vázquez, Xosé Magariños e Xosé Manuel Baños

Por un cambio radical na política económica e máis autogoberno

O BNG é a alternativa fronte as políticas de recortes de dereitos que pactan PP e PSOE



Imaxe da folga xeral deste ano contra as medidas antisociais do goberno estatal

Retallamento das axudas aos máis desfavorecidos, rebaixas das pensións, unha total inacción fronte ao incremento do paro... ésa é a resposta do goberno estatal e do galego á crise que estamos a vivir. O BNG non pode permanecer calado mentres Feijóo desatende o seu traballo como presidente do país e abandona os 8.000 novos parados e paradas que se rexistraron en novembro. Non pode permanecer impasíbel cando o goberno do Estado recorta os dereitos, privatiza os aeroportos e pacta co PP a rebaixa das pensións que suporá unha diminución da pensión media nuns 500 euros anuais para os pensionistas galegos.

O portavoz nacional do BNG, Guillermo Vázquez, denunciou que as políticas que está a aplicar o PP na Xunta de Galiza e o PSOE no Goberno Central “non só non contribúen a reducir o

número de persoas en paro senón que agravan o problema”.

As manifestacións do líder nacionalista deixan clara a preocupación do BNG pola situación económica que estamos a vivir, polo forte incremento do desemprego, de tal xeito que un de cada tres novos parados no mes de novembro era un galego ou galega, e pola retirada da axuda de 426 euros aos parados de longa duración”.

Por iso, subliñou que “o BNG ten como principal preocupación a situación tremenda pola que están a pasar moitos cidadáns e cidadás neste país”. Neste sentido, o nacionalismo esixe “un cambio radical nas políticas que están a facer tanto a Xunta de Galiza como o Goberno Central xa que non só non contribúen a diminuír o paro senón que empeoran a situación”.

Supresión dos 426 euros

O portavoz nacional do BNG, Guillermo Vázquez, cualificou de “zapaterazo” as novas medidas económicas anunciadas polo presidente do goberno estatal e advertiu que a supresión da axuda aos parados e paradas sen subsidio “forma parte dunha fuxida cara adiante que se encamiña ao desastre social”.

“Se desde o BNG consideramos no seu momento que as primeiras medidas de retallamento non ían servir para nada, agora temos que concluír que estas tampouco están no bo camiño nin servirán para calmar aos mercados”, incidiu o líder do Bloque, ao tempo que asegurou que se trata dunha “política suicida e antisocial. O PSOE fai a política da dereita e a dereita límitase a facer políticas”.

Guillermo lembroulle asemade a Núñez Feijóo que “ten algunha competencia para actuar. Se non fose así, mellor que marche para casa”.

“Guillermo recoméndalle a Feijóo que “marche para casa se non pode facer nada para frear o incremento do paro””

Como contactar co BNG da Estrada:
Rúa Xusto Martínez, 12-1º C
36680 A Estrada
Tlf/Fax: 986590002
Correo: estrada@bng-galiza.org
Web: <http://www.benega.info/aestrada>

Como contactar co BNG Nacional:
Sede Nacional. Avenida Rodríguez de Viguri. 16 baixo.
15703 Santiago de Compostela. 981 555 850
www.bng-galiza.org
nacional@bng-galiza.org

